



## NOTA DE PRENSA: 07.08.08: O VERDADEIRO COMPROMISO DE ENCE COA SOCIEDADE.

Ven de se facer público o Informe do Consello de Contas de Galicia do ano 2007, que entre outras cousas inclúe o Informe de fiscalización do Organismo Autónomo "Augas de Galicia" para o Exercicio 2005, no que figura un apartado adicado á análise dos aspectos económicos do convenio asinado no ano 2001 entre ENCE e a Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia. Convén lembrar que este convenio ENCE-COTOP tiña por obxectivo a conexión dos vertidos de ENCE ao emisario submariño e que obrigaba á empresa pasteira a aportar algo máis de 6 millóns de euros no período 2002-2006, e convén lembrar tamén que o seu incumprimento sistemático en materia de vertidos foi denunciado en numerosas ocasións desde a APDR.

Tanto desde a dirección da empresa como desde a Xunta de Galicia (presidida naquel momento por D. Manuel Fraga Iribarne) vendeusenos a participación da CELULOSA de Lourizán na sinatura deste convenio como a maior proba do compromiso de ENCE co saneamento da Ría de Pontevedra e na defensa do medio ambiente. ENCE, compromiso co medio ambiente, compromiso contigo!, repetían machaconamente os medios de comunicación.

Pois ben, deixando a un lado o reiterado incumprimento dos contidos ambientais do mentado convenio, sabemos agora que ENCE incumpriu tamén as súas obrigas no que fai ás achegas de cartos previstas na execución do convenio.

Tal e como recolle o Informe do Consello de Contas na páxina 80, Augas de Galicia –que tendo en conta o inferior grado de execución das actuacións verbo do inicialmente previsto, rebaihou a 4.101.700 € a cantidade total a aportar por ENCE- só recibiu da empresa pasteira 662.824 €, o pago correspondente á primeira anualidade (no ano 2003). Engade ademáis o ente fiscalizador que todos os requerimentos feitos desde Augas de Galicia foron desatendidos por ENCE, que de forma reiterada expresou a súa negativa a facer os ingresos reclamados.

Esta e non outra é a verdadeira cara de ENCE, a verdadeira contribución de ENCE ao saneamento da nosa Ría; todo o demáis é pura propaganda. Fronte ao desembolso millonario para vender a súa contribución ao saneamento da Ría, á defensa do medio ambiente, ao deporte local,... ábrese paso a realidade, na que a mentira e as falsas promesas son xeito cotián da actuación da contaminante e ilegal fábrica de CELULOSA de Lourizán. ENCE négase a pagar os gastos comprometidos no convenio coa Xunta de Galicia; négase a pagar o canon de saneamento.

Pero non remata aquí a sorpresa verbo deste espinoso tema. Recóllese tamén nesta mesma páxina do Informe que *"Augas de Galicia acordou mediante Resolución do 18 de marzo de 2006 a suspensión da execución dos requerimentos de pago durante dous meses e posteriormente, en atención á subida do canon que soportou ENCE nos anos 2004 e 2005 e a unha estimación da que poida soportar no 2006, presenta unha addenda ao convenio no que se rebaihan 1.200.000 euros das contías que debe percibir en base á maior recadación do canon de saneamento"*.

Tal e como expresa o Consello de Contas, a determinación das tarifas do canon de saneamento é unha decisión parlamentar, e nada ten que ver coas prestacións derivadas do convenio asinado entre Augas de Galicia e ENCE, *"que deben ser cumpridas nos seus propios termos, non podendo transixir sobre este tipo de dereitos"*.



ENCE non pagou o acordado no convenio (nen aceptou a rebaixa proposta por Augas de Galicia) nen ingresou o canon de saneamento correspondente aos exercicios 2004 e 2005 (que están suspendidos por recurso ante o T.S.X.G.), polo que adeuda un total de 4.552.420,84 € (os 3.435.876 dos pagos pendentes do convenio e 1.116.544,84 polo canon de saneamento) e a Xunta de Galicia mira para outro lado. Unha volta máis semella manifestarse o sometemento do goberno galego aos intereses empresariais e a falta de vontade política para por freo á situación de deterioramento que ENCE está a provocar na bisbarra pontevedresa.

Lonxe de propoñer unha negociación clara coa empresa, que poña sobre a mesa que coa lei na mán poderíase decretar o cesamento inmediato da actividade industrial en Lourizán, a Xunta de Galicia desvívese por non ferir supostos dereitos dunha empresa que non só incumpre a lexislación en materia de vertidos e emisións atmosféricas senón que defrauda ao erario público; lonxe de esixir o cumprimento da lexislación e o pago das debedas, busca o xeito de compensar economicamente o suposto traslado dunha empresa que –por certo- non podería recibir (nen ter recibido nestes últimos anos) nengunha axuda económica da Xunta de Galicia polo súa condición de “morosa”.

Desde a APDR esiximos ao goberno galego que asuma as súas competencias e tome as medidas oportunas para que ENCE pague as súas débedas con Augas de Galicia, e remate dunha vez por todas coa súa política de connivencia coa empresa pasteira, unha empresa que foi condenada por delito ecolóxico no ano 2002, que sigue incumprindo a lexislación ambiental e que nen sequera cumpre coas súas obrigas económicas para coa Xunta de Galicia.

Pontevedra, 7 de agosto de 2008.

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.